

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES FERROL VELLO
CURSOS: 1º, 2º, 3º ESO
MATERIA: FRANCÉS 2ª LE
DEPARTAMENTO: FRANCÉS
DATA: 01/06/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Mantemos os estándares mínimos esixibles para a superación da nosa materia (xa recollidos na programación didáctica do curso), xa que os bloques 1, 2, 3 e 4, que corresponden ás de expresión oral e escrita e produción oral e escrita trabállanse en tódolos trimestres. Así pois, tanto os estándares de aprendizaxe mínimos como as competencias básicas e os criterios de avaliación serán os mesmos para a 1ª e a 2ª avaliacións.

No que respecta ao bloque 5, no que se inclúen as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico (que están claramente delimitados polas unidades didácticas), é necesario adaptarse á realidade dos nosos grupos. Debemos ter en conta que ata o inicio do período de confinamento, seguindo o método *Parachute*, tíñanse impartido os contidos ata a unidade 3 en cada grupo.

1º ESO/1ª e 2ª avaliacións

<i>Clave contido</i>	<i>Definición</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias</i>
B1.1.	Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	SLEB1.1. Comprende preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	CCL, CD, CAA, CCEC
B1.2.	Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.	SLEB1.2. Usa estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.	CCL, CAA, CCEC
B1.3.	Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi	SLEB1.3. Comprende o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.	CCL, CAA, CCEC

	amodo e con moita claridade.		
B1.4.	Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, de forma clara e comprensible.	SLEB1.4. Comprende o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, de forma clara e comprensible.	CCL, CAA, CCEC
B2.4.	Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.	SLEB2.4. Da e obtén información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.	CCL, CD, CAA, CCEC
B3.1.	Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.	SLEB3.1. SLEB3.2. Utiliza estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.	CCL, CD, CAA, CCEC
B3.2.	Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.	SLEB3.2. SLEB3.3. SLEB3.4. Segue instrucións básicas e comprende avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.	CCL, CD, CAA, CCEC
B3.3.	Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.	SLEB3.2. SLEB3.3. SLEB3.4. Comprende información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.	CCL, CD, CAA, CCEC
B3.4.	Comprender textos propios de situacións cotiáns próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.	SLEB3.2. SLEB3.3. SLEB3.4. . Comprende textos propios de situacións cotiáns próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.	CCL, CD, CAA, CCEC
B4.2.	Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	SLEB4.2. . Completa documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	CCL, CD, CAA, CCEC
B4.3.	Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información,	SLEB4.3. Escribe mensaxes moi sinxelas e moi breves con	CCL, CD, CAA,

	instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.	información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.	CCEC
B4.4.	Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	SLEB4.4. Produce textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	CCL, CD, CAA, CCEC
B5.2.	Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.	SLEB5.2. Recoñece e utiliza as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.	CCL, CAA, CCEC

Polo que respecta á 3ª avaliación, cabe recalcar o seguinte:

1º CONTIDOS AMPLIADOS E REVISADOS:

- Comunicativos

- . Situar no espazo.
- . Preguntar e dicir a idade.
- . Falar da familia.
- . Expresar a pertenza.
- . Falar das súas comidas
- Dar ordes, consellos

- Estruturas sintácticas

- . Preposicións de lugar
- . Interrogativo où
- . Adxectivos posesivos
- . Verbo *avoir*
- . Artigos partitivos
- . Verbo *prendre*
- . Adxectivos demostrativos
- . L'impératif

- Léxico

- . Partes do corpo
- . A familia
- . A roupa
- . Alimentos
- . As comidas

2º Contidos NON REVISADOS:

- Comunicativos

- . Facer compras e comentarios sobre a roupa
- . Preguntar e dicir a causa

- Estruturas sintácticas

- . A hora
- . Verbo *mettre*
- . *Pourquoi... parce que*

- Léxico

- . Fórmulas de cortesía (tu ou vous, je voudrais)
- . As actividades cotiás

- . Preguntar e dicir a hora
- . Falar das tarefas e actividades cotiás
- . Propoñer, pedir, rexeitar alimentos

- . Verbo *faire*
- . Os verbos pronominais

Mantemos os estándares mínimos esixibles para a superación da nosa materia (xa recollidos na programación didáctica do curso), xa que os bloques 1, 2, 3 e 4, que corresponden ás de expresión oral e escrita e produción oral e escrita trabállanse en tódolos trimestres. Así pois, tanto os estándares de aprendizaxe mínimos como as competencias básicas e os criterios de avaliación serán os mesmos para a 1ª e a 2ª avaliacións.

No que respecta ao bloque 5, no que se inclúen as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico (que están claramente delimitados polas unidades didácticas), é necesario adaptarse á realidade dos nosos grupos. Debemos ter en conta que ata o inicio do período de confinamento, seguindo o método *Parachute*, tíñanse impartido os contidos ata a unidade 3 en cada grupo.

2º ESO/1ª e 2ª avaliacións

<i>Clave contido</i>	<i>Definición</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias</i>
B1.1.	Comprender preguntas e informacións sinxelas relativas á información persoal moi básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	SLEB1.1. Comprende preguntas e informacións relativas á información persoal básica (nome, idade, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento na aula.	CCL, CD, CCEC, CSC
B1.2.	Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.	SLEB1.2. Usa estratexias de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.	CCL, CD, CCEC, CSC
B1.3.	Comprender o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.	SLEB1.3 Comprende o sentido global e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais sinxelas (por exemplo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.	CCL, CD, CCEC, CSC

B1.4.	Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, de forma clara e comprensible.	SLEB1.4. Comprende o esencial en conversas sobre temas cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, de forma clara e comprensible.	CCL, CD, CCEC, CSC
B2.4.	Dar e obter información sobre datos básicos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.	SLEB2.4. SLEB2.5. Da e obtén información sobre datos persoais (idade, lugar de residencia, familia, orixe, gustos, posesións, etc.), utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.	CCL, CD, CCEC, CSC
B3.1.	Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.	SLEB3.1. SLEB3.2. Utiliza estratexias de lectura (recursos ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B3.2.	Seguir instrucións básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles, e traballadas previamente.	SLEB3.2. SLEB3.3. SLEB3.4. Segue instrucións e comprende avisos, obrigas e prohibicións.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B3.3.	Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a temas da propia experiencia.	SLEB3.2. SLEB3.3. SLEB3.4. Comprende información relevante e previsible en textos breves, sinxelos e ben estruturados, con conectores básicos e relativos a temas da propia experiencia.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B3.4.	Comprender textos propios de situacións cotiáns próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.	SLEB3.2. SLEB3.3. SLEB3.4. Comprende textos propios de situacións cotiáns próximas, como invitacións, felicitacións, notas, avisos, billetes de transporte, entradas, etiquetas ou xogos coñecidos.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B4.2.	Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.	SLEB4.2. Completa documentos básicos nos que se solicite información persoal.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B4.3.	Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con	SLEB4.3. Escribe mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas relacionadas con actividades cotiáns e	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

	actividades cotiás e de inmediata necesidade.	de inmediata necesidade.	
B4.4.	Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	SLEB4.4. Produce textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B5.2.	Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.	SLEB5.2. Recoñece e utiliza as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

Polo que respecta á 3ª avaliación, cabe recalcar o seguinte:

1º CONTIDOS AMPLIADOS E REVISADOS:

- Comunicativos

- . Falar da súa casa, do seu cuarto, e dos obxectos persoais.
- . Contar feitos pasados

- Estruturas sintácticas

- . Prepos. de lugar con *de*
- . O pronome *en*
- . Estacións e tempo
- . O comparativo e o superlativo

- Léxico

- . A casa: habitacións, mobles, decoración
- . Obxectos persoais
- . Expresións de lugar
- . Os utensilios da mesa

2º Contidos NON REVISADOS:

- Comunicativos

- . Facer unha comanda no restaurante
- . Descubrir a lingua poética
- . Falar das accións cotiás e contar anécdotas no pasado
- . *O Passé composé 2*
- . Falar das estacións, do tempo que fai
- . Facer comparacións
- . Falar do futuro (previsións, proxectos)

- Estruturas sintácticas

- . *O passé composé*: form. e aux.
- . Os pronomes COD
- . O futuro simple: formación e verbos irreg.
- . Os participios en *e, i, y*

- Léxico

- . Falar dos seus hábitos alimentarios e da alimentación . . .
- . Os alimentos (2)
- . *Os animais da sabana*
- . Expresións de tempo (futuro)

3º ESO/1ª e 2ª AVALIACIÓNS

<i>Clave contido</i>	<i>Definición</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>	<i>Competencias</i>
B1.1.	Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.	SLEB1.1. Coñece e sabe aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, os puntos principais ou a información máis importante do texto.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B1.2.	Identificar o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	SLEB1.2. Identifica o sentido xeral, os puntos principais e a información máis importante en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos habituais en situacións cotiás ou sobre aspectos concretos de temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.	CCL, CAA, CSC, CCEC
B1.3.	Comprender instrucións básicas pronunciadas lenta e claramente, e seguir indicacións sinxelas e breves.	SLEB1.3. Comprende instrucións básicas pronunciadas claramente e segue indicacións.	CCL, CAA, CSC, CCEC
B1.4.	Comprender transaccións moi básicas de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.	SLEB1.4. Comprende transaccións de bens e servizos elementais na vida cotiá, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, e moi ben articuladas e lentamente, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se se poden escoitar máis dunha vez.	CCL, CAA, CSC, CCEC
B1.6.	Seguir un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións sinxelas e habituais previamente traballadas e referidas a temas moi coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias	SLEB2.4. SLEB2.5. Segue un texto breve articulado con claridade e pausadamente, no que se utilicen expresións habituais previamente traballadas e referidas a temas coñecidos dos ámbitos persoal e educativo (datos persoais, gustos e hábitos, materias que cursa, etc.),	CCL, CAA, CSC, CCEC

	que cursa, etc.), adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.	adecuado ao seu nivel escolar, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística.	
B1.7.	Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e de presentacións moi sinxelas emitidas con estruturas e léxico moi básico, e o apoio de imaxes moi redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	SLEB1.7. Comprende a información esencial de pasaxes curtas gravadas, que conteñan conversas, narracións e/ou descricións predicibles, e de presentacións sinxelas emitidas con e estruturas e léxico básico, e o apoio de imaxes redundantes, que traten sobre asuntos da vida cotiá e de necesidade inmediata, previamente traballados, e que estean pronunciadas con claridade, aínda que sexa necesario escoitalas máis dunha vez.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B3.1.	Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	SLEB3.1. Utiliza estratexias de lectura (recursos ás imaxes, a títulos e outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas polo contexto e mediante os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B3.2.	Seguir instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.	SLEB3.2 Segue instrucións e consignas básicas e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi básicas e predicibles, traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B3.3.	Comprender información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.	SLEB3.3. Comprende información relevante e previsible en textos informativos ou narrativos breves, moi sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B3.4.	Identificar a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou educativo, e	SLEB3.4 Identifica a idea xeral, os puntos máis relevantes e a información importante en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro neutro ou informal, que traten de asuntos habituais en situacións cotiás, de aspectos concretos de temas de interese persoal ou	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD

	que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	educativo, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.	
B4.2.	Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	SLEB4.2. Completa documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.	CCL, CAA, CSC, CCEC
B4.3.	Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.	SLEB4.3. Escribe mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B4.4.	Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	SLEB4.4. Produce textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando, de ser o caso, como mediación lingüística (adeuada ao seu nivel escolar) e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.	CCL, CAA, CSC, CCEC, CD
B5.2.	Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.	SLEB5.2. Recoñece e utiliza as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.	CCL, CAA, CSC, CCEC
B5.4.	Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL, CAA, CSC, CCEC

Polo que respecta á 3ª avaliación, cabe recalcar o seguinte:

1º CONTIDOS AMPLIADOS E REVISADOS:

- Comunicativos

- . Orientarse nunha cidade e describir lugares
- . Preguntar e indicar un camiño
- . Describir unha situación no pasado
- . Falar das tarefas da casa

- Estruturas sintácticas

- . O imperfecto e o *passé composé*
- . A negación
- . O comparativo e o superlativo

- Léxico

- . A cidade
- . As preposicións de lugar
- . As expresións para decorar un relato
- . As tarefas da casa
- . As expresións de tempo (pasado)

2º Contidos NON REVISADOS:

- Comunicativos

- . Expresar a cólera, a indignación
- . Falar das relacións cos demais
- . Agradecer
- . Falar de alguén sen dicir o nome
- . Explorar o universo numérico
- . Falar das redes sociais
- . Participar nun xogo televisado
- . Comparar estilos de vida de onte e de hoxe

- Estruturas sintácticas

- . O pronome “y”
- . Pronomes persoais COD e COI

- Léxico

- . As expresións da cólera
- . As relacións persoais
- . As redes sociais
- . As ferramentas numéricas
- . A escola de antano
- . Os estilos de vida de onte e hoxe

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Currículo básico orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán o alumnado para construír e descodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción dos devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que o traballo na aprendizaxe autónoma teña como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda que son diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliados para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa.</p> <p>Sen embargo a avaliación do terceiro trimestre non poderá ser tan variada no que respecta aos procedementos debido ás circunstancias vividas. Avaliarase mediante a revisión das tarefas propostas. Proporcionaremos a retroalimentación necesaria para que o noso alumnado siga sendo consciente dos seus avances e dos aspectos nos que mellorar.</p> <p>Instrumentos: traballo semanal, distribuído no mesmo número de sesións que teriamos na educación presencial (2 semanais en cada curso e grupo), en forma de tarefas (ver punto 3. Metodoloxía para máis información).</p>
Cualificación final	<p>Procedemento para obter a cualificación final de curso: <i>Avaliación continua e acumulativa:</i> O alumnado promocionará cando acade un 5/10 na nota da avaliación final ordinaria. Como a avaliación é continua e ademais os contidos son progresivos, se o alumnado aprobara a 2ª, a 1ª quedaría automaticamente recuperada. Se suspendera a 2ª, pero na 3ª continuase entregando as tarefas de repaso e recuperación, esta quedaría tamén aprobada e polo tanto, o curso.</p>

	<p>O alumnado que teña suspensas as dúas avaliacións terá que facer traballos de recuperación para poder aprobar. Todos os traballos de recuperación serán entregados antes do 12 de xuño de 2020.</p> <p>Valorarase a puntualidade na entrega das tarefas propostas (45%). A entrega de todas as tarefas (45%). A pulcritude e a boa presentación das tarefas escritas (10%).</p> <p>A 3ª avaliación incrementarase como máximo 1 punto se o alumnado segue cumprindo o citado anteriormente (entrega de todas as tarefas, puntualidade na entrega, pulcritude e presentación). Dado que non hai ningún alumno coa 2ª avaliación suspensa, a nota da 2ª avaliación incrementaríase 1 punto se o alumnado cumpre as condicións anteriores.</p> <p>Polo tanto, para obter a cualificación final, que será a mesma para a 3ª (de carácter diagnóstico) terase en conta a nota da 2ª avaliación á que se lle sumará como máximo 1 punto (10%).</p>
<p align="center">Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>A proba extraordinaria de setembro sería para aquel alumnado que obtivera a cualificación de insuficiente en xuño.</p> <p>Faríase en base aos criterios mínimos esixibles expostos anteriormente. Consistiría nunha proba presencial, se así o permitise a situación de pandemia ou en traballos a entregar a inicios de setembro, se o alumnado non puidese acudir presencialmente. A nota final sería de 1 a 10.</p> <p>O alumnado que acadase un 5 na proba da avaliación extraordinaria de setembro, tería aprobada a materia.</p>
<p align="center">Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación: teranse en conta os mínimos establecidos na programación (para cada un dos bloques de contidos) do curso do cal teña a materia pendente.</p> <p>Criterios de cualificación: Aqueles alumnos co Francés 2ª LE pendente de cursos anteriores, serán cualificados mediante a presentación de diferentes traballos de reforzo, fichas, etc. que terán que presentar como data máxima antes do 12 de xuño de 2020.</p> <p>No caso de <u>non entregar todas as actividades</u> na convocatoria ordinaria (antes do 12 de xuño) e obter a cualificación de insuficiente en xuño, realizarase un exame da materia na convocatoria extraordinaria de setembro.</p> <p>A nota dos traballos non será a mesma que se se presentaran á proba presencial que terían que realizar no mes de maio, polo tanto a cualificación dos traballos non poderá superar o máximo de 6 puntos.</p> <p>No caso do alumnado que curse a materia en 2º ou 3º e non estean exentos, ao aprobar o FR 2ª LE do curso superior quedaríalles aprobada a do/s curso/s inferiores.</p> <p>De tódolos xeitos terían que seguir facendo traballos de reforzo e recuperación do curso inferior, como facían presencialmente, por se non acadasen os obxectivos do superior.</p> <p>Actividades propostas: 100% (media aritmética da cualificación dos</p>

	<p>boletíns de actividades ou temas correspondentes aos tres trimestres).</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: no caso da nosa materia, como xa se viña facendo, o alumnado de pendentes ten actividades para entregar. No caso de superar as avaliacións con estas actividades, non tería que realizar exame. En caso contrario, terá que realizar un exame na convocatoria extraordinaria de setembro, na data que a Dirección do centro indique.</p>
--	--

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre e como xa viñemos facendo dende que se decretou o estado de alarma, indicaremos as actividades que o noso alumnado debe realizar a través da axenda dixital creada para cada grupo e cuxa ligazón foi enviada a través de Abalar-Móbil e aos correos de dominio @iesferrolvello.org de todo o alumnado.</p> <p>Estas actividades estarán distribuídas en 2 sesións semanais, as mesmas que tiñamos antes desta situación extraordinaria.</p> <p>Intentaremos que sexan actividades variadas que permitan reforzar e afianzar coñecementos e contidos que teñan que ver con tódalas destrezas.</p> <p>Utilizaremos o <i>Livre de l'élève Parachute, cahier d'exercices</i>, actividades de LIM para facer e corrixir en línea, lyricstraining, actividade de Educaplay, Lingolia, Educalandia, repositorio ABALAR, vídeos de Youtube: cancións, actividades, xogos, exercicios, etc.</p> <p>Tendo en conta que a porcentaxe de alumnado suspenso na materia é moi baixa e que na maioría dos cursos os contidos vanse repetindo e ampliando, continuaremos impartindo materia que xa fora introducida noutros cursos e, se se dan as circunstancias, introduciremos aspectos que consideremos moi esenciais para o curso seguinte sempre que sexan de fácil seguimento e comprensión de forma online.</p> <p>No caso dese alumnado que si debe recuperar a materia do presente curso para aprobar en xuño, indicaremoslles as actividades que deben realizar e o prazo de entrega das mesmas a través do seu correo @iesferrolvello.org. Tamén informaremos aos seus titores/as.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Todo o alumnado dispón neste momento de ordenador, tablet ou móbil e wifi, aínda que os que son da zona rural teñen mala conexión. Con estes trátase de ser máis flexible no prazo de envío das tarefas.</p> <p>Outros, sobre todo os de 1º, teñen pouca competencia dixital e os ordenadores Edixgal dispoñen do sistema Linux, non Windows, polo que algunha tarefa necesita ter activado o Adobe Flash Player para executarse. Con este alumnado se cambian as tarefas, ou ben fan actividades do libro e do caderno de exercicios ou de Youtube e doutras plataformas.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais utilizados son os descritos no apartado de Actividades: Parachute: Livre de l'élève e Cahier d'exercices da Editorial Santillana. Recursos E-Vocación da Editorial Santillana, outros recursos on line para a aprendizaxe do francés LE, Youtube, Dicionarios on line (Reverso, Larousse, etc.).</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través sobre todo do correo electrónico do alumnado; trátase dun correo de dominio @iesferrolvello.org e a través del creouse unha axenda dixital onde se poñen as tarefas diarias por materia e curso. As familias tamén son informadas puntualmente polo titor/a través de diferentes medios: correo electrónico, Abalar móbil, teléfono, etc.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro a partir do 12 de maio.

Ferrol, a 30 de maio de 2020

Gloria Cruz Bao
Xefa do Departamento de Francés